



# ACTUALIDADE SOBRE POLÍTICAS E PROGRAMAS EUROPEOS

NÚMERO 28

DO 16 AO 30 DE XUÑO 2008

## Contido

### Política comunitaria

Francia expón as súas prioridades para a presidencia.

Páxina 1

### Programas Europeos

Novas convocatorias.  
Convocatorias vixentes.

Páxinas 2-6

### Noticias

A Comisión quere unha internet mellor adaptada ás persoas con discapacidade

Páxina 7

## Política Comunitaria

### “Francia expón as súas prioridades para a presidencia”

<http://www.eu2008.fr/>

Francia anunciou que a construción do Espazo Europeo de Investigación (EEI) será a principal prioridade no ámbito da investigación durante o período no que ostentará a Presidencia do Consello da UE.

Francia tomou o relevo da Presidencia do Consello da UE o pasado 1 de xullo de mans de Eslovenia.

No ámbito da investigación, Francia propónse desenvolver o Proceso de Liubliana, que foi posto en marcha pola Presidencia eslovena e que presenta unha nova visión de futuro do EEI.

Segundo o programa de traballo da Presidencia francesa, vanse emprender unha serie de actividades que pretenden definir unha “visión de futuro para o 2020” relativa ao EEI. Entre outras cuestións, os ministros de investigación tratarán sobre **os retos que afronta a investigación europea**, co fin de concretar o modo en que o EEI pode abordar asuntos prioritarios como a enerxía e o cambio climático, a alimentación e a agricultura, a saúde e o envellecemento, e a sociedade da información.

Asimesmo, Francia marcouse a meta de chegar a conclusións nunha serie de puntos, a saber, a estratexia do programa común, a mobilidade dos investigadores e unha estratexia de cooperación internacional dentro do EEI. Ademais, este país confía en chegar a un acordo con respecto ao marco xurídico das infraestruturas de investigación paneuropeas.

**O espazo é outra das prioridades** marcadas pola Presidencia francesa. Dende esta indicaron que “a industria espacial é un motor importante do crecemento e a competitividade de Europa” e, en consecuencia, se propoñen impulsar o papel da UE como actor destacado na política espacial.

Por outra banda, a nova Presidencia comprometeuse a “esforzarse por avanzar cara á creación dunha **patente comunitaria**”, que sería estandarizada en toda a UE e de custo máis reducido, á vez que garantiría a seguridade xurídica e protexería os “equilibrios lingüísticos actuais”.

A Presidencia francesa non esquece as **pequenas e medianas empresas (PEME)**. Así, propónse forxar un acordo relativo a medidas de apoio ás PEME e centrarse especialmente en facilitar ás PEME innovadoras o acceso a financiamento, protexer os dereitos de propiedade industrial e promover a iniciativa empresarial.

Francia ostentará a Presidencia da UE ata o final do presente ano, cando a asumirá a República Checa.

## Programas europeos

### Novas convocatorias

#### AAL – Ambient Assisted-Living Joint Programme

<http://www.aal-europe.eu/aal-2008-1>

O obxectivo da convocatoria é lanzar proxectos europeos colaborativos que propoñan **solucións innovadoras baseadas en TIC** para persoas maiores con factores de risco ou condicións crónicas.

Propónse a creación de novas solucións cunha perspectiva de prevención, xestión, servizos de apoio e o ámbito social e socioeconómico relacionado con condicións crónicas.

Recoméndase que os proxectos teñan unha duración de entre 12-36 meses, e que contén cun presuposto de entre 1 e 7 millóns de €.

A convocatoria conta cun presuposto de **57,5 Millóns de €** e a data límite para presentar propostas é o **21 de agosto**.



### Convocatorias vixentes

#### Convocatoria de propostas para accións no campo da eco-innovación dentro do programa marco para a innovación e a competitividade

[http://ec.europa.eu/environment/etap/ecoinnovation/library\\_en.htm](http://ec.europa.eu/environment/etap/ecoinnovation/library_en.htm)

Desde o 22 de abril de 2008, a Axencia Executiva de Competitividade e Innovación (AECI) puxo en marcha unha convocatoria de propostas para proxectos piloto e proxectos de aplicación comercial relativos á innovación ecolóxica.

O prazo da convocatoria finaliza o **11 de setembro de 2008**. As propostas deben presentarse de forma electrónica.

O importe total dispoñible para a convocatoria do 2008 é, aproximadamente, de **28 millóns EUR**.

O número agardado de proxectos financiados, de, aproximadamente, **40**; e a taxa de financiamento (% do total de custos elixibles): **40 - 60**



#### Redes para a competitividade e a sustentabilidade do Turismo Europeo

[http://ec.europa.eu/enterprise/funding/files/themes\\_2008/calls\\_prop.htm](http://ec.europa.eu/enterprise/funding/files/themes_2008/calls_prop.htm)

O obxectivo desta convocatoria é apoiar iniciativas de organismos públicos e privados, ou de redes existentes, para contribuír a aumentar a competitividade e a sustentabilidade do turismo europeo, a través da creación dun medio favorable para o turismo e as PEMES, mentres que se permite a adquisición de maiores beneficios económicos, sociais e ambientais.

Os obxectivos específicos son:

- Identificar e promover prácticas e ferramentas que poidan axudar ás pequenas empresas e ás microempresas a ser sustentables e competitivas.
- Apoiar accións conxuntas entre axentes que dirixan cambios para o sector turístico e que poidan promover a creación dun medio favorable para que estas empresas cooperen en temas de sustentabilidade, con vista ao establecemento dunha rede europea de coñecemento turístico.
- Promover a participación dos axentes para crear coñecemento (ex. Universidades,

institutos de investigacións, observatorios públicos e privados) coa integración dos principios de sustentabilidade en prácticas ou ferramentas existentes ou noutras novas que poidan axudar ás pequenas empresas e ás microempresas a ser competitivas.

O **orçamento** destinado para esta convocatoria é de **300.000 €**.

O número esperado de proxectos financiados é de 3 a 5.

A **taxa de cofinanciamento** dos custos elixibles ascende ao **50%**

O **importe máximo** desta subvención é de **100.000 €**.

O prazo para a presentación de candidaturas estará aberto ata o **31 de xullo de 2008**.



# Convocatorias vixentes

## Erasmus para xoves empresarios. Programa de innovación e competitividade (CIP)

<http://ec.europa.eu/enterprise/funding/index.htm>

[http://ec.europa.eu/enterprise/funding/files/themes\\_2008/calls\\_prop.htm](http://ec.europa.eu/enterprise/funding/files/themes_2008/calls_prop.htm)

### 1. Obxectivos e descrición

O propósito desta proposta é conceder subvencións a aqueles proxectos que permitan aos novos empresarios da UE aprender de empresarios máis experimentados noutros Estados membros de cara a facilitar o intercambio de experiencias e a creación de redes.

O obxectivo da acción é mellorar o espírito empresarial, a internacionalización e competitividade das microempresas e das PEMES de recente creación, así como axudar aos posibles novos empresarios na UE. A actividade está dirixida a aqueles que desexen crear unha empresa e, en menor medida, aos empresarios recén establecidos.

A convocatoria está composta de dous lotes con dous tipos de actividade diferentes:

**Lote 1:** Asociacións europeas que promovan a mobilidade dos novos empresarios.

**Lote 2:** Coordinación, apoio e creación de redes no ámbito europeo vinculados á acción mencionada no lote 1.

### 2. Candidatos admisibles

Calquera entidade pública ou organismo privado pode participar nesta convocatoria de propostas. Aquí inclúense entidades ou organismos activos no ámbito do fomento do espírito empresarial ou dos servizos de colocación transnacional, en especial, os seguintes:

- cámaras de comercio e industria, cámaras de artesanía ou organismos similares,

- organizacións de axuda ás empresas e incubadoras de empresas,
- asociacións de empresas e redes de apoio ás empresas,
- entidades públicas que ofrezan servizos de axuda ás empresas,
- centros de educación e de formación (públicos, privados, sectoriais, etc.) activos no campo da axuda ás empresas,
- organizacións de estanzas de formación.

Os solicitantes deberán estar establecidos nun Estado membro da Unión Europea.

### 3. Orzamento e duración do proxecto

A dotación total concedida para o cofinanciamento dos proxectos ascende a 2.850.000 €.

A axuda económica da Comisión non deberá superar o 90% dos custos admisibles totais.

### 4. Prazo

O prazo de presentación das solicitudes á Comisión finalizará o **20 de agosto de 2008**.

### 5. Información adicional

O texto completo da convocatoria de propostas e os formularios de solicitude están dispoñibles nos enlaces da cabeceira desta información.

As solicitudes deben cumprir os requisitos establecidos no texto completo e ser presentadas mediante o formulario facilitado a tal fin.



Lotes	Importe máximo da subvención (€)	Duración máxima do proxecto	Prazo máximo de inicio das actividades
Lote 1	140.000	18 meses	31 decembro 2008
Lote 2	200.000	22 meses	31 decembro 2008

## eParticipation 2008/1

<http://ec.europa.eu/eparticipation>

eParticipation (participación electrónica) é unha acción preparatoria co obxectivo de **aproveitar as vantaxes das TIC para mellorar os procesos legislativos e de toma de decisións** e potenciar a participación dos cidadáns nos devanditos procesos en todos os niveis da adopción de decisións públicas.

A convocatoria está aberta ás propostas procedentes de persoas xurídicas dos 27 Estados membros da UE. O número mínimo de participantes nunha proposta é de tres **persoas**

**xurídicas independentes**, de tres Estados membros distintos.

O financiamento comunitario **non excederá do 75%** dos custos subvencionables contraídos por cada socio. O orzamento total da convocatoria de propostas ascende a **4,7 millóns de EUR**.

O prazo de recepción das propostas por parte da Comisión remata o **29 de agosto de 2008** ás 17.00 horas (hora local de Bruxelas).



## Programas europeos

### Convocatorias vixentes

#### Programa de Apoio a políticas en materia de TIC (PAP TIC)

[http://ec.europa.eu/information\\_society/activities/ict\\_psp/index\\_en.htm](http://ec.europa.eu/information_society/activities/ict_psp/index_en.htm)

O Programa de Apoio a Políticas en materia de Tecnoloxías da Información e a Comunicación (PAP TIC) é un dos tres subprogramas plurianuais que conforman o Programa Marco para a Innovación e a Competitividade (PIC).

O PAP TIC ten como obxectivo estimular a innovación e a competitividade a través dun uso xeneralizado e mellor das TIC por parte de cidadáns, empresas e administracións públicas.

As prioridades de actuación que se financiará nesta segunda convocatoria xiran ao redor de tres grandes temas:

#### 1. Un uso máis próximo das TIC en administracións, servizos públicos e inclusión

- 1.1. Preparar a implementación da Directiva de Servizos
- 1.2. Reducir barreiras administrativas na UE
- 1.3. Servizos de urxencia accesibles para todos
- 1.4. TIC para avellentar mellor con problemas cognitivos, combinando tecnoloxía asistencial e independente
- 1.5. Construír capacidades para a e inclusión
- 1.6. Mellorar a certificación de produtos de e-sanidade.

#### 2. TIC para a eficiencia enerxética e a sustentabilidade en áreas urbanas.

- 2.1. TIC para a eficiencia enerxética nos edificios e espazos públicos, incluíndo a iluminación.
- 2.2. TIC para infraestruturas de xestión de transporte urbano adaptado e outros servizos.
- 2.3. Construír consensos e compartir experiencias respecto das TIC, como instrumentos para a eficiencia enerxética e a sustentabilidade en áreas urbanas.

#### 3. Evolución de internet e seguridade: construír consensos e compartir experiencias.

- 3.1. Un esforzo europeo común en Identificación por Radiofrecuencia.
- 3.2. Impulsar o desenvolvemento de IPv6 (tipo de protocolo de Internet) en Europa.
- 3.3. Infraestruturas de información fiables e tecnoloxías biométricas.

Nesta ocasión, hai **tres tipos de actuación** posible, segundo a prioridade na que se desexe intervir. Así, identifícanse:

**Proxectos piloto tipo A**, que se tratan de iniciativas en Estados membros para demostrar a interoperabilidade de operacións comúns. Este tipo de actuación só se contempla para a prioridade 1.1

**Proxectos piloto tipo B**, que tratan da posta en práctica de servizos innovadores baseados no uso das TIC, dirixidos a cubrir necesidades dos cidadáns, gobernos e empresas. Este tipo de actuación contéplase para as prioridades 1.2; 1.3; 1.4; 2.1; 2.2;

**Redes temáticas**, que tratan de formar un foro de actores interesados na materia para fomentar intercambios de experiencias e explorar novas formas de implementar solucións baseadas nas TIC. Este tipo de actuación contéplase nas prioridades 1.5; 1.6; 2.3; 3.1; 3.2; 3.3

O orzamento total dispoñible nesta candidatura ascende a **39 millóns de euros**.

As candidaturas de proxectos poderán presentarse ata o **9 de setembro de 2008**.



## Noticias

### A Comisión quere unha internet mellor adaptada ás persoas con discapacidade

[http://ec.europa.eu/information\\_society/index\\_es.htm](http://ec.europa.eu/information_society/index_es.htm)

O 15% dos europeos sofre algún tipo de discapacidade e moitos sofren dificultades para ler os textos en letra pequena dos sitios de internet ou ata para saber como acceder aos sitios de internet e os servizos en liña.

A pesares dos repetidos chamamentos dos xefes de Estado e de Goberno da UE para atallar esta situación, os progresos son limitados: con gran diferenza, a maioría dos sitios de internet non recorre a solucións de doado uso aceptadas universalmente.

A Comisión Europea puxo en marcha unha consulta pública sobre outras medidas para facer accesibles os sitios de internet en Europa, comezando polos das administracións públicas, e invita aos interesados a dar a súa opinión. Tamén aborda outras tecnoloxías como a televisión dixital. A consulta permanecerá aberta ata o 27 de agosto de 2008.

A idade media da poboación europea está a aumentar rapidamente e prevese que un 25% da poboación total será maior de 65 anos para 2020. As persoas da terceira idade adoitan ter dificultades para usar internet e enfróntanse a problemas á hora de ler na pantalla cunha visión deficiente ou ao utilizar o rato tendo problemas de destreza. Unhas solucións simples de accesibilidade de internet abren os sitios ás persoas que, doutro xeito, non poderían utilizalos,

e amplían así as posibilidades de participación social e económica. Entre esas solucións de accesibilidade poden citarse:

- ✎ maior tamaño do texto usado nos navegadores,
- ✎ conversión en voz do texto das pantallas mediante programas informáticos de axuda,
- ✎ navegación en internet co teclado en lugar de co rato.

Os sitios de internet accesibles adoitan ser mellores para todos os usuarios, con ou sin discapacidade. Fundado en 1994 co apoio da Comisión, o consorcio World Wide Web define unhas especificacións comúns para internet, incluídas unhas Directrices de accesibilidade aos contidos de internet.

Non obstante, en 2007, só o 5% dos sitios de internet públicos e menos do 3% dos sitios de internet privados na UE se consideraban completamente accesibles segundo esas directrices (MeAC - véxanse máis abaixo os antecedentes).

Varios Estados membros (entre outros, Austria, Francia, Italia, Países Baixos e Portugal) tomaron medidas para mellorar a situación, por exemplo mediante a formulación de directrices e a fixación de obxectivos para os sitios de internet públicos. Non obstante, estas formulacións aínda teñen un carácter disperso na UE.

Outros novos produtos reflicten os desafíos de accesibilidade formulados polos sitios de internet: por exemplo, os problemas de comprensión e destreza poden obstaculizar a navegación nas guías electrónicas dos programas de televisión dixital.

Esta consulta pública estudará as medidas que poderían adoptar os estados membros para mellorar a accesibilidade da rede e solicitará opinións sobre cuestións máis xerais de accesibilidade relacionadas coas tecnoloxías da información e as comunicacións.



## Axenda

10-11 de xullo 2008

### **Oitava Conferencia Europea de e-Government**

O mellor lugar para tratar das últimas investigacións en materia de e-Government.

**Lugar:** Ecole Polytechnique, Lausanne, Switzerland

<http://www.academic-conferences.org/eceg/eceg2008/eceg08-home.htm>

15-17 xullo 2008

### **Congreso Internacional sobre “Coñecemento libre, tecnoloxía libre: educación para unha sociedade da información libre”**

O congreso centrarase na produción e a difusión de materiais de educación e formación no eido do software libre e os estándares abertos.

**Lugar:** Barcelona

<http://fkft.eu>

25-27 de agosto 2008

### **17 Conferencia Internacional de Desenvolvemento de Sistemas de Información (ISD 2008)**

**Lugar:** Paphos, Chipre.

**Organiza:** Universidade de Chipre.

<http://isd2008.cs.ucy.ac.cy/index.html>

6-9 de outubro 2008

### **OPEN DAYS 2008: «As rexións e as cidades nun mundo cheo de desafíos»**

A sexta edición de OPEN DAYS, a Semana Europea das Rexións e as Cidades.

**Lugar:** Bruxelas

**Organizan:** Comité das Rexións e Dirección Xeral de Política Rexional da Comisión Europea.

<http://www.opendays.europa.eu>

## Contacto



Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia

Contacto:  
[info@fundacioncalidade.org](mailto:info@fundacioncalidade.org)